

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36016103	CEIP de Corvillón	Cambados	2025/2026	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2025/2026
Curso fin	2025/2026
Data de actualización	20/10/25
Data aprobación consello	
Data aprobación claustro	

2. Introducción

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro está recollida no articulado dos decretos autonómicos de ordenación e currículo, ademais de na propia LOE:

a) Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia;

b) Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ditos artigos indican que “os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións”

Nas normativa de desenvolvemento dos anteriores Decretos concrétese a estrutura que, como mínimo, debe contemplar o PD. Concretamente no seguinte articulado:

a) Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

b) Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

En canto á contextualización do centro educativo na súa contorna social e histórica pódese resumir en:

A parroquia de Corvillón ten unha poboación de máis de 2000 habitantes e atópase atravesada pola estrada PO-549 que une Cambados con Vilagarcía de Arousa e polo corredor de alta capacidade VG-4.3. É unha parroquia costeira onde a poboación adícase principalmente ao mar: pesca, marisqueo... e tamén ao sector vitivinícola coa produción de viño albariño e a agricultura. Polo tanto, o sector primario ten unha grande importancia ademais do sector servizos.

Culturalmente é unha parroquia que amosa un interese moi grande por aspectos culturais arraigados á tradición.

Organízanse diferentes e diversas actividades dinamizando a actividade cultural da parroquia.

O CEIP Corvillón ven de pasar unha época na que o centro carecía dun profesorado estable e dun proxecto educativo real. Nestes momentos, o centro está a vivir un proceso de cambio onde o actual equipo directivo e o profesorado busca mellorar os espazos, incorporar na aula diferentes propostas didácticas e modelos pedagóxicos máis actuais, ou mesmo participar en oportunidades de mellora a través de plans e proxectos coma o Plambe, Digicraft, Polos Creativos,...

O Plan dixital contribuirá a desenvolver estas oportunidades de mellora e estará presente na Programación Xeral Anual do curso 2025/26, na que se recollerán as accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos neste plan para o correspondente curso académico.

En canto á contextualización do propio Plan dixital, as actuacións levadas a cabo ata agora foron as seguintes:

- Novembro 2021: Posta en marcha do plan co contacto do asesor ADIX cos centros.
- Decembro 2021: Configuración e envío do SELFIE nos centros educativos.
- Febreiro 2022: Test de Competencia Dixital Docente por parte do profesorado.
- Marzo 2022: Realización da matriz DAFO, recompilación de datos e reflexión.
- Abril-Maio 2022: Definición de obxectivos e Plan de acción.
- Xuño 2022: Deseño do Plan dixital e presentación da versión 1.0.
- Curso 2022/2023: Desenvolvemento do Plan dixital no curso académico.
- Setembro e outubro de 2023: revisión e actualización do Plan dixital de cara ao curso académico 2024-25.
- Outubro de 2024: revisión e actualización do Plan dixital de cara ao curso académico 2024-25.
- Outubro de 2025: revisión e actualización do Plan dixital de cara ao curso académico 2025-26.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos empregados de recollida de información para realizar a análise DAFO foron o Informe SELFIE e o Test CDD.

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	O alumnado non aprende a programar e codificar.	Alumnado	Si
Debilidade	O alumnado non aprende a crear contidos dixitais.	Alumnado	Si
Debilidade	A infraestrutura dixital non respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Non se exploran novas formas de ensinanza coa tecnoloxía.	Organización de centro	Si
Debilidade	Non contamos cun plan de axuda ao profesorado para abordar os retos da aprendizaxe mixta relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.	Organización de centro	Si
Debilidade	O alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso a tecnoloxías asistenciais.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non se desenvolve unha estratexia dixital en colaboración.	Organización de centro	Non
Debilidade	Falta de tempo para explorar novas formas de ensinanza coa tecnoloxía.	Organización de centro	Non
Debilidade	Descoñecemento sobre os dereitos de autor e as licencias de uso.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non existen repositorios en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.	Organización de centro	Non
Debilidade	Carecer dunha estratexia dixital.	Organización de centro	Non
Debilidade	Os espazos físicos do centro non facilitan a ensinanza aprendizaxe con tecnoloxía dixital.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non temos medidas para identificar os retos da aprendizaxe mixta relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se utiliza nin se valora a tecnoloxía.dixital na avaliación tanto do alumnado como facilitadora no proceso de aprendizaxe.	Persoal docente	Si
Debilidade	Non se leva a cabo un intercambio de experiencias dentro da comunidade educativa sobre ensinanzas con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non avaliamos o noso progreso en materia de ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non avaliamos o noso progreso en materia de ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se produce unha reflexión sobre un DPC no relativo as ensinanzas con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Si
Debilidade	Non se utilizan recursos educativos abertos.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se realizan habitualmente actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado.	Persoal docente	Si

Debilidade	Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Dispónse de dispositivos dixitais co alumnado utiliza.	Alumnado	Non
Fortaleza	Dispónse de dispositivos portátiles co alumnado levar a casa.	Alumnado	Non
Fortaleza	Dispónse de asistencia técnica cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.	Organización de centro	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Algunhas familias non teñen conectividade nin dispoñen de dispositivos móbiles.	Outras	Non
Ameaza	Polo xeral faise un mal uso das tecnoloxías nas casas do alumnado.	Outras	Si
Oportunidade	Moi boa colaboración coa ANPA do centro.	ANPA	Non
Oportunidade	Existencia dun centro Cultural con conectividade e dispositivos móbiles.	Contorna	Non
Oportunidade	O alumnado podería traer os seus propios dispositivos portátiles e utilízaos en clase.	Outras	Non
Oportunidade	O profesorado ten acceso a un DPC no relativo á ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Outras	Si

3.4. Análise

Unha vez feita a análise dos factores internos (debilidades e fortalezas) e externos (ameazas e oportunidades), tomouse a decisión de continuar traballando na adquisición dos obxectivos marcados o curso pasado para o presente curso 2025-26:

- Continuar concienciando no uso responsable das novas tecnoloxías á comunidade escolar.
- Seguir fomentando o emprego de recursos dixitais no centro.
- Utilizar as diferentes aplicacións de comunicación establecidas.
- Rematar de inventariar e optimizar os dispositivos dixitais do centro.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O1PD	Seguir formando ao alumnado e ás familias no uso responsable da tecnoloxía e das redes sociais.
O2PD	Continuar empregando recursos dixitais na actividade de E-A cotiá do centro.
O3PD	Crear produtos dixitais en todos os grupos, coa participación do alumnado no proceso.

4.2. Datos do obxectivo O1PD

Código	Estado
O1PD	Parcialmente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Outras - Polo xeral faise un mal uso das tecnoloxías nas casas do alumnado.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Acadar as accións correspondentes ao obxectivo neste curso	0%	20%				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.1. Diseñar un itinerario dixital formativo para as familias e o alumnado en temas de seguridade e perigos.	21/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo TIC e Equipo Docente.	
Destinatario	Familias e alumnado.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Participación das familias e alumnado en formación do ámbito dixital.	0%	20%	
Formación e axuda ás familias nas temáticas propostas.	80%	100%	

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.2. Formar e axudar ás familias en temas dixitais de uso cotiá como Abalar Móbil, E-Dixgal...	21/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo Directivo.	
Destinatario	Familias.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Participación das familias e alumnado en formación do ámbito dixital.	0%	20%	
Formación e axuda ás familias nas temáticas propostas.	80%	100%	

4.3. Datos do obxectivo 02PD

Código	Estado
02PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - A infraestrutura dixital non respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

Debilidade - Organización de centro - Non se exploran novas formas de ensinanza coa tecnoloxía.

Debilidade - Organización de centro - Non contamos cun plan de axuda ao profesorado para abordar os retos da aprendizaxe mixta relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.

Debilidade - Persoal docente - Non se produce unha reflexión sobre un DPC no relativo as ensINANZAS con tecnoloxías dixitais.

Debilidade - Persoal docente - Non se realizan habitualmente actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado.

Debilidade - Persoal docente - Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

Oportunidade - Outras - O profesorado ten acceso a un DPC no relativo á ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Constatar o emprego de recursos dixitais nas clases de forma habitual polo 50% do claustro.	0	50%				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.1. Creación dunha listaxe de posibles produtos que podería realizar o alumnado, en relación ao noso PDI: Corvillón.	21/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo TIC e Equipo Docente.	
Destinatario	Equipo Docente.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Presentación dunha listaxe de ideas de produtos ao Equipo Docente.	0%	100%	
Número de materiais de Polos Creativos empregados (robot, kits de electricidade, máquina de coser, cortadora láser, plotter, impresora 3D...)	0%	100%	
Realización dunha liña de PFPP relacionada co uso da tecnoloxía na que participe o profesorado.	0%	100%	

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.2. Empregar os distintos materiais de Polos Creativos para a aula (robótica, electrónica, electricidade).	21/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo Docente e Equipo TIC.	
Destinatario	Equipo Docente e Alumnado.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Presentación dunha listaxe de ideas de produtos ao Equipo Docente.	0%	100%	
Número de materiais de Polos Creativos empregados (robot, kits de electricidade, máquina de coser, cortadora láser, plotter, impresora 3D...)	0%	100%	
Realización dunha liña de PFPP relacionada co uso da tecnoloxía na que participe o profesorado.	0%	100%	

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.3. Organizar unha actividade interna de formación do profesorado sobre o uso de recursos dixitais e tecnolóxicos no proceso de E-A	30/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Grupo de traballo	
Destinatario	Profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Presentación dunha listaxe de ideas de produtos ao Equipo Docente.	0%	100%	
Número de materiais de Polos Creativos empregados (robot, kits de electricidade, máquina de coser, cortadora láser, plotter, impresora 3D...)	0%	100%	
Realización dunha liña de PFPP relacionada co uso da tecnoloxía na que participe o profesorado.	0%	100%	

4.4. Datos do obxectivo 03PD

Código	Estado
03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - O alumnado non aprende a programar e codificar.

Debilidade - Alumnado - O alumnado non aprende a crear contidos dixitais.

Debilidade - Organización de centro - Non se exploran novas formas de ensinanza coa tecnoloxía.

Debilidade - Persoal docente - Non se utiliza nin se valora a tecnoloxía dixital na avaliación tanto do alumnado como facilitadora no proceso de aprendizaxe.

Debilidade - Persoal docente - Non se realizan habitualmente actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado.

Debilidade - Persoal docente - Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de artefactos dixitais creados co alumnado, considerado a nivel de grupo-clase	0	2				
Número de tipoloxías diferentes de artefactos dixitais creados co alumnado, considerado a nivel de centro	0	4				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A03.1. Crear algún produto dixital co alumnado por parte de cada aula (postal iluminada, broche con luz, circuitos eléctricos, impresión 3D...).	15/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo Docente e Alumnado.	
Destinatario	Equipo Docente e Alumnado.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Número de produtos dixitais elaborados por aulas.	0%	75%	
Número de producións audiovisuais realizadas por aula.	0	100%	

Acción	Data máxima	Temporalización
A03.2. Crear unha produción audiovisual sinxela en cada un dos grupos, no marco do PDI do centro para este curso: Corvillón (croma, vídeo ou radio).	15/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo Docente e Equipo TIC.	
Destinatario	Equipo Docente e Alumnado.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Número de produtos dixitais elaborados por aulas.	0%	75%	
Número de producións audiovisuais realizadas por aula.	0	100%	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O procedemento seguido para comprobar o estado do Plan Dixital e a súa implementación é seguinte:

- Xuntanzas de revisión e coordinación no centro, cubrindo unha lista de control sobre as actuacións a desenvolver no curso.
- Recollida dos datos, as evidencias e as observacións que procedan na aplicación Educidade.

O seguimento do desenvolvemento do plan terá un carácter continuo, pero a recollida da información correspondente na aplicación realizarase nos últimos días de cada trimestre.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a súa realización será ao finalizar o curso. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez presentado ao claustro do profesorado o Plan dixital, e unha vez aprobado polo consello escolar, procederase á difusión do mesmo entre toda a comunidade educativa realizándose da seguinte maneira:

- Profesorado: ao inicio de curso presentarase o Plan dixital incidindo nos obxectivos e accións a realizar no curso escolar.
- Familias: publicarase na páxina web do centro.
- Comunidade educativa (e social): disporase o acceso xeral ao Plan dixital a través da súa [URL pública en Educalidade](https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=36016103).

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
INFORME SELFIE	INFORME_SELFIE_CEIP_CORVILLÓN.pdf
TEST CDD	TEST_CDD_CEIP_CORVILLÓN.pdf